

---

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E ECONÓMICAS PARA  
CONTRATACIÓN POLA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN CENTRO DE  
SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA DE SERVIZOS PARA O  
DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO PARA O PROXECTO CIC-COMMERCE  
Outubro 2005**

---

## **1. CONDICIÓN**

### **1.1.OBXECTO**

O obxecto desta petición de oferta é a contratación de servizos para a realización dun estudo do impacto das tecnoloxías da información e a comunicación nas empresas galegas.

A adxudicación levarase a cabo despois de analizar as distintas propostas e coas reservas seguintes:

- I) O adxudicante resérvase o dereito a non adxudicar a ningún dos ofertantes.
  
- II) O adxudicante resérvase o dereito de realizar a adxudicación de forma provisional a fin de que lle sexa posible concertar co adxudicatario condicións máis favorables que as incluídas na proposta.

O importe máximo dos servizos solicitados é de 58.000 Euros (cincuenta e oito mil Euros) incluídos todos os impostos, taxas e demais gastos.

### **1.2 CONTRATO**

#### **1.2.1.Réxime xurídico e natureza do contrato**

O presente proceso de adxudicación acabará coa formalización dun contrato de prestación de servizos.

O presente proceso de adxudicación réxese por estes pregos, o contrato e, en canto ós trámites de preparación e adxudicación a Lei de contratos das administracións públicas, aprobada por RDL 2/2000.

#### **1.2.2. Alteración e prórroga dos contratos**

Calquera alteración e prórroga a introducir nos contratos será obxecto de acordo previo entre as partes.

### **1.2.3. Rescisión do contrato e adquisición**

O adxudicante poderá rescindir o contrato nos casos que a continuación se indican:

- I) Demora na entrega dos servizos comprometidos por un período superior a quince días en relación coas datas que se indican no contrato.
- II) Demora na entrega dos servizos comprometidos por causa de forza maior por un período superior a trinta días en relación coa data que figure no contrato.
- III) Incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato, o que deberá ser previamente comprobado por unha comisión arbitral.

### **1.3. PROPOSTAS**

#### **1.3.1. Entrega das propostas**

- I) As propostas deberán ser entregadas antes das 14:00 do día 24 de Outubro de 2005, na sede da *Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)* , na Avenida de Vigo, s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- II) Se o envío se fai por correo ou calquera outro medio de envío, o propoñente é o único responsable polas demoras na entrega que puidesen ocorrer, non podendo presentar reclamación se a entrega dos documentos ten lugar despois de acabado o prazo antes mencionado.

#### **1.3.2. Prazo de validez das propostas**

As propostas deberán ter validez por un prazo mínimo de 30 días. Se no período de tempo existente entre a presentación da oferta e a adxudicación existisen, por cambios nas condicións de mercado, melloras tecnolóxicas ou de prezos nos produtos ou servizos ofertados, estas deberán modificar automaticamente a oferta presentada, e deberán ser comunicadas por escrito.

### **1.3.3. Formas das propostas**

#### **1.3.3.1.- Condicións Xerais**

As propostas serán presentadas en galego ou castelán .

Todos os prezos indicados deberán expresarse en Euros e incluír todos os impostos e taxas que correspondan.

A presentación das propostas deberá corresponder ó estipulado nos parágrafos seguintes.

#### **1.3.3.2.- Proposta de Servizos**

A proposta de servizos presentarase en dous únicos sobres ou paquetes cerrados e lacrados. Cada sobre ou paquete deberá identificarse coa etiqueta:

OFERTA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA O  
DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO PARA O PROXECTO CIC-  
COMMERCE – OUTUBRO 2005

SOBRE: (A ou B)

Contido dos sobres:

- Sobre A: Incluirá exclusivamente a seguinte información:
  - Nome do proponte.
  - Valor global da proposta de servizos.

- Sobre B: Este sobre incluirá a seguinte información:

I. Memoria descritiva da oferta, incluíndo a metodoloxía proposta para a realización dos traballos.

II. Proxecto de traballo para un calendario de actuacións, cos seus correspondentes entregables, segundo o seguinte modelo: Obxectivo, tarefa, prazo de execución da tarefa, produto a entregar e data de entrega.

III. Descrición da empresa e perfil dos profesionais que desenvolverán os traballos. Capacidade de produción da empresa.

IV. Experiencia previa demostrable na realización de traballos similares.

V. Oferta económica co detalle correspondente ás tarefas do programa de traballo proposto.

VI. Propostas adicionais para o desenvolvemento do proxecto.

Poderá incluírse neste sobre calquera outra información que achegue datos sobre a capacidade da empresa para a realización dos traballos obxecto do presente concurso.

#### **1.3.4. Apertura de Propostas**

Terá lugar na sede social da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, Avenida de Vigo s/n, 15705 Santiago de Compostela, ás 10:00 horas, o día 26 de Outubro de 2005 procedéndose en dito acto a dar lectura dos datos solicitados no sobre identificado como "Sobre A".

#### **1.3.5 Achega de información dos ofertantes**

Os propoñentes obríganse a prestar todas as aclaracións que o adxudicante considere oportunas.

### **1.4 CONDICIÓNNS ECONÓMICAS**

#### **1.4.1. Condicións da contratación**

##### **1.4.1.1.- Prestación do servizo**

Formalizado o correspondente contrato, o adjudicatario presentará factura, unha vez realizada a entrega e aceptación do servizo por parte do CESGA.

O pagamento efectuarase 90 días despois da presentación da correspondente factura.

#### **1.4.1.2.- Outras condicións**

Os gastos inherentes á elaboración e sinatura do contrato, serán por conta do adxudicatario. Os anuncios efectuados para esta convocatoria correrán a cargo do adxudicatario.

#### **1.5. ACEPTACIÓN.**

Defínese a aceptación do servizo como a data de notificación polo adxudicatario do servizo, cuxo desenvolvemento contrátase, que encóntrase concluído e recibe a aceptación do CESGA.

#### **1.6. PRAZO DE ENTREGA.**

Os entregables requiridos serán entregados antes da fin de decembro de 2005.

#### **1.7. PENALIZACIÓN.**

- I) Nos casos de demora de entrega dos servizos contratados por razóns imputables ó adxudicatario que non resulten de causas de forza maior será aplicada unha penalización dun 5 % do importe total do contrato por cada semana ou fracción de demora.
- II) Cando xurdan casos de forza maior que poidan determinar un alongamento na data de entrega, o adxudicatario, debe solicitar, por escrito, autorización do adxudicante para entregar o resultado despois desa data, indicando unha nova data de entrega e expondo os motivos que obrigan a iso. A nova data de entrega será aceptada polo adxudicante en caso de que non exceda en máis de 15 días a data orixinal. En caso contrario o adxudicante ten a facultade de aceptar a nova data ou rescindir o contrato.
- III) Os materiais ou servizos rexeitados na recepción serán considerados para todos os efectos como non entregados. Os materiais rexeitados serán notificados ó subministrador do servizo e a retirada destes será

feita por conta e risco deste; entendéndose que excedido o prazo de 15 días en relación á notificación pasarán a poder do adxudicante como material non útil.

- IV)** En caso de rescisión de contrato, por razóns de forza maior ou outras, imputables ó adxudicatario, o adxudicante terá dereito a recibir o pagamento dunha penalización calculada de acordo co tipo de interese preferente definido polo Banco de España na data de rescisión e con efecto sobre os pagamentos realizados.

### **1.8. LEXISLACIÓN E FOROS COMPETENTES**

Para a resolución dos conflitos que poidan xurdir na aplicación ou interpretación do contrato, ambas as dúas partes declaran someterse ó sistema arbitral de consumo, aceptando as normas reguladoras deste sistema recollidas no Real Decreto 636/1993, de 3 de maio.

### **1.9. PROPOSTAS ALTERNATIVAS**

Serán aceptables propostas alternativas sempre que se respecten as condicións obrigatorias deste prego de condicións.

### **1.10 ACLARACIÓNS ÓS OFERTANTES**

Os ofertantes poderán solicitar aclaracións adicionais, por escrito, ó Director da S.A.X CESGA, Avenida de Vigo s/n, 15705 Santiago de Compostela, Teléfono: (981) 569810, Fax: (981) 594616.

## **2. CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

A S.A.X CESGA basearase nos seguintes criterios para a selección das empresas adxudicatarias:

<b>Criterio</b>	<b>%</b>
Proposta técnica	55%
Melloras propostas	30%
Implantación do ofertante en Galicia (persoal instalacións, equipamento)	5%
Oferta económica	10%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>

### **3. FORMA DE PAGAMENTO.**

O pagamento realizarase mediante talón nominativo ou transferencia a elección do adxudicante.



---

---

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A  
CONTRATACIÓN DE SERVICIOS PARA O DESENVOLVIMENTO DUN ESTUDO  
PARA O PROXECTO CIC-COMMERCE – Outubro 2005**

---

## 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

---

Os servizos demandados no presente concurso teñen como finalidade a realización de traballos necesarios para a execución do proxecto CIC-Commerce. O proxecto, pertencente ó programa Interreg IIIA, está liderado pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e nel participa o CESGA coa adicación do Centro de Competencias en Comercio Electrónico de Galicia.

Durante o progreso das tarefas desenvolvidas polo CESGA no proxecto, determinouse a realización dunha investigación para determina-lo impacto das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) nas Pemes galegas, entendendo que os resultados desa investigación constituirán un importante paso para a consecución dos obxectivos de CIC-Commerce, así como para a ampliación do impacto do proxecto.

A devandita investigación, que está a ser realizada polo Centro de Competencias en Comercio Electrónico, presenta os seguintes obxectivos xerais:

- A obtención de **instrumentos metodolóxicos** que permitan a creación dunha estatística para a avaliación do impacto das TIC nas Pemes e microempresas galegas, así como a súa evolución temporal para a obtención futura de series comparables no tempo.
- A consecución de **datos específicos** mediante a execución de enquisas piloto.

Os obxectivos específicos a acadar coa realización da investigación son:

1. Desenvolvemento dunha metodoloxía e un conxunto de indicadores para a medición do impacto económico, competitivo e estratéxico do uso das TIC nas Pemes galegas. Os indicadores deberán ser de carácter tanto obxectivo coma subxectivo (percibido) e permitirán a medición cuantitativa e cualitativa.
2. Creación dun grupo de proba para a validación da metodoloxía e para a comprobación do comportamento dos indicadores na evolución temporal.
3. Execución da primeira enquisa baseada nos traballos previos.

O estudo céntrase principalmente na avaliación do impacto do uso de tecnoloxías relacionadas coas redes, pechadas (rede local da empresa, intranet e extranet) e abertas (Internet/WWW).

Deste xeito, non se consideran directamente no estudo os elementos tecnolóxicos propios da actividade á que esté adicada a empresa (maquinaria específica do sector) nin a penetración dos equipamentos horizontais e estándar coma os PCs, servidores, maquinaria ofimática, etc. Neste último caso se consideran só en tanto que necesarios ou relacionados co uso das redes mencionadas.

## **2. TRABALLOS PLANIFICADOS PARA A REALIZACIÓN DA INVESTIGACIÓN LEVADA A CABO POLO CESGA CO CENTRO DE COMPETENCIAS EN COMERCIO ELECTRÓNICO**

---

### **2.1. Análise e definición metodolóxica. Realización de paneis de expertos. Definición de indicadores. Primeira enquisa piloto en grupo de proba mediante entrevistas persoais.**

A tarefa de análise e definición metodolóxica será deseñada e dirixida polo CESGA, pero conta con determinadas tarefas que son obxecto de subcontratación mediante o presente concurso. A súa descripción atópase no epígrafe 4 (OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA).

### **2.2. Grupo de proba e seguimento anual.**

O grupo de proba configurado durante a tarefa de deseño metodolóxico servirá de grupo de referencia para a avaliación do comportamento dos indicadores definidos na súa evolución temporal. Trátase de estudar o comportamento do modelo metodolóxico en series temporais de periodicidade anual, durante un período de alomenos 3 anos.

O grupo estará formado por un conxunto suficiente de empresas coa suficiente representatividade. Este grupo será sometido a catro enquisas: a primeira, para a validación inicial do enfoque metodolóxico, e un dos obxectos do presente concurso. A segunda levarase a cabo un ano despois da realización desta primeira e a terceira e a cuarta tamén cun ano de distancia cada unha respecto da anterior. O seguimento resultante será dun mínimo de tres anos.

O obxectivo é a comprobación de si os indicadores empregados reflexan ben a evolución dos parámetros medidos, continuar depurando a metodoloxía e a enquisa así como a variación e evolución das propias tecnoloxías. Os erros atopados ó longo destas comprobacións anuais serán subsanados na última versión da metodoloxía e a enquisa. O seguimento deste grupo permitirá ademáis a contrastación dos resultados das enquisas realizadas nel cos das enquisas xerais descritas no epígrafe 4.3 (OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA).

Na medida do posible adoptaranse parámetros que garantan a comparabilidade no tempo e que teñan suficiente amplitude como para dar cabida ás esperables evolucións tecnolóxicas. Incluirán datos obxectivos e subxectivos. As empresas seleccionadas para o grupo de

proba estarán incluídas tamén na enquisa xeral mencionada no epígrafe 4.3 (OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA).

Todos os datos específicos obtidos das empresas así coma a identidade das mesmas terán carácter confidencial.

### **2.3. Execución de enquisa piloto.**

A tarefa de execución da enquisa piloto será dirixida polo CESGA, e será obxecto de subcontratación mediante o presente concurso. A súa descrición atópase no epígrafe 4.3 (OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA).

### 3. FITOS E RESULTADOS FINAIS ESPERADOS

---

A investigación levada a cabo polo CESGA coma parte do proxecto CIC-Commerce conta cos seguintes fitos e resultados finais:

- 3.1. Deseño e metodoloxía para a replicación/serialización da enquisa [documento].
- 3.2. Datos estatísticos obtidos na enquisa xeral en formato SPSS ou equivalente (ficheiro dixital en soporte físico).
- 3.3. Análise, tabulación, xeración de gráficas a cor e interpretación dos datos [documento].
- 3.4. Deseño, edición, publicación e distribución dunha publicación cos resultados da investigación. Estará encadernado en rústica, impreso a cor e terá unha tirada mínima de 500 exemplares. O libro estará baseado nos informes realizados polo persoal responsable do proxecto no CESGA e conterá tamén os informes sobre os datos obtidos nas enquisas e noutros dos traballos obxecto do presente concurso [publicación].
- 3.5. Realización dunha presentación pública dos resultados dos traballos. Inclúe a realización da convocatoria ó público asistente, e a organización, a documentación gráfica e textual do evento, así coma a súa difusión [evento e documentación correspondente].

## **4. OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

---

### **4.1. Análise e definición metodolóxica. Realización de paneis de expertos. Definición de indicadores. Primeira enquisa piloto en grupo de proba mediante entrevistas persoais.**

A análise metodolóxica resumirá o estado da investigación na materia, tendo en conta, en particular, os requerimentos a nivel europeo. Os indicadores definidos na metodoloxía deberán permitir establece-la relación entre a intensidade de uso TIC polas empresas galegas e o seu desempeño: rendemento, produtividade e competitividade.

A metodoloxía incluírá indicadores internos á empresa, tanto obxectivos coma subxectivos, e deberá medir o seu impacto nos principais indicadores de desempeño empresariais, tomando coma base os indicadores estándar. Inclúranse tamén indicadores de impacto externo da actividade da empresa (como emprego directo e indirecto xerado, tipo de emprego xerado, etc.).

A análise metodolóxica será reforzada pola realización de paneis de expertos. Estes paneis recollerán tanto a perspectiva relacionada co funcionamento empresarial coma a propiamente tecnolóxica e a perspectiva da metodoloxía estatística, para garanti-la calidade da mesma. Valorarase a participación de persoas de recoñecido prestixio académico ou profesional.

Os indicadores e a metodoloxía que se obteñan como resultado da finalización da primeira fase deberán ter en conta a harmonización estatística cos enfoques existentes a nivel galego, estatal e europeo.

Dentro desta tarefa, configurarase un grupo de proba suficientemente representativo (estimado en 30 empresas) e se practicarás a primeira enquisa piloto para a validación do modelo metodolóxico. Os resultados permitirán corrixir os posibles erros detectados durante a realización da proba no deseño da enquisa.

### **4.2. Grupo de proba.**

Realizarase a configuración do grupo de proba descrito no parágrafo precedente.

### **4.3. Execución de enquisa piloto.**

Realización dunha enquisa para a validación e depuración do modelo metodolóxico. Esta tarefa inclúe a realización do deseño da enquisa e a súa execución: recollida de datos, codificación, grabación, depuración e interpretación dos mesmos. O grupo de traballo do proxecto CIC-Commerce do CESGA colaborará coa empresa adxudicataria nas fases de deseño e interpretación dos datos.

A mostra deberá ser estatisticamente representativa do universo escollido para o estudio. Estímase necesaria a realización de entrevistas a non menos de 600 empresas, pero este número poderá ser revisado en función da calidade do dato garantida pola proposta ofertada.

Tódolos traballos serán dirixidos, coordinados e validados polo equipo de traballo responsable no CESGA – Centro de Competencias en Comercio Electrónico.

Valoraranse a inclusión nas propostas ofertadas de elementos que se adapten e complementen a planificación da investigación que levada a cabo polo CESGA descrita nos epígrafes 2 e 3.

### **Entregables requeridos:**

De cada un destes documentos se entregará unha versión en galego, outra en castelán e outra en inglés; 3 copias impresas en cor de cada unha delas e un ficheiro dixital de cada unha).

#### **1. Deseño metodolóxico e indicadores propostos**

#### **2. Deseño da enquisa**

Os entregables requeridos deberán ser entregados ó CESGA antes do 31 de decembro de 2005.

Valorarase a entrega de documentación ou resultados adicionais dentro do primeiro trimestre do ano 2006 de xeito que se poda amplia-la proxección e o impacto dos resultados do proxecto CIC-Commerce.

A empresa adxudicataria comprométese a entregar á S.A.X. CESGA a documentación derivada dos traballos desenvolvidos ó longo das distintas fases, así coma o resto da documentación esixida nas condicións técnicas particulares, ou a entregada como mellora, en forma impresa e en formato electrónico, nas seguintes condicións: unha versión en galego, outra en castelán e outra en inglés; 3 copias impresas en cor de cada unha delas e un ficheiro dixital de cada unha das versións.



## **5. OUTRAS CONDICIÓNS**

---

A propiedade dos datos e análises realizados será exclusiva da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, que poderá cedelos a outras institucións públicas para o seu uso posterior así como difundilos a través de calquera medio sin a autorización nin comunicación á empresa contratada. A empresa contratada non poderá facer uso dos datos e análises que se deriven deles sin o consentimento escrito expreso da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia.